

## REGULAMENTO DO II DESAFIO CERNE – PROBA CICLOTURISTA BTT

### 1. Datos da proba:

Nome: DESAFÍO CERNE - *Os dous Camiños*

Data: Domingo 5 de maio de 2024

Hora de saída: 9:00 horas.

Peche de meta estimado: 15:00 horas.

Lugar de saída e chegada: Cantón de San Roque (Melide).

Responsable do evento: AD CERNE.

Nº máximo de participantes: 500.

Distancias: a proba contará con dous percorridos a escoller no momento de inscrición, podendo optar polo percorrido máis curto durante o transcurso da mesma se o participante inscrito no percorrido máis longo non se sinte capaz de realizalo.

Clase 1.30.6. Categorías: CICLOTURISMO, SUB23 FEM., SUB23, MASTER 60 FEM., MASTER 60, MASTER 50 FEM., MASTER 50, MASTER 40 FEM., MASTER 40, MASTER 30 FEM., MASTER 30, JUNIOR FEM., JUNIOR, ELITE FEM., ELITE, CADETE FEM., CADETE.

Non está permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio; en caso de producirse, procederase á descualificación do participante.

A organización da proba resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

### 2. Itinerario:

A proba transcorrerá polos concellos de Melide, Toques e Palas de Rei, afectando a viais de titularidade municipal na maior parte dos quilómetros.

Ademais das vías afectadas descritas anteriormente, tamén se afectará a estrada AC840 durante 500 metros ao inicio da proba; transcorrerá uns 200 metros pola estrada DP8002 á altura do mosteiro de San Antolín para continuar polo trazado do sendeiro PR-G 259; e xa no tramo final da proba, transcorrerá pola estrada N-547 durante uns 300 metros até o seu fin no Cantón de San Roque. Tamén cruzará a estrada DP-4604 no PK 12.

Todos os cruces con estradas asfaltadas contarán coa presenza de voluntarios e dos corpos de seguridade pertinentes para sinalizar da proba ao tráfico motorizado.

A información do itinerario queda recollida máis en detalle no rutómetro da proba.

A ruta curta terá unha distancia aproximada de 45 km e a ruta longa terá unha distancia aproximada de 65 km. Ambas distancias son de carácter non competitivo.

### **3. Sinalización e control:**

O percorrido estará sinalizado con balizas e frechas, reforzado con cintas de cores. As frechas situaranse nos cruces máis “conflictivos” e naquelas zonas que contén unha dificultade técnica elevada (descenso perigoso, zona rochosa,...).

Así mesmo, estará a disposición de cada participante os tracks co percorrido da proba unha semana antes da celebración da mesma.

O percorrido estará neutralizado e controlado no primeiro km da proba, que discorre dende o lugar de saída até que se adentra na primeira pista de terra.

Nos cruzamentos haberá voluntarios debidamente identificados que axudarán aos participantes a seguir o trazado da proba; cando se crucen estradas de maior tráfico, esta labor levarana a cabo membros de Protección Civil.

### **4. Inscricións:**

Cota de inscrición: 18€ federados (+10€ non federados – licenza dun día) até as 23:59h do día 5 de abril de 2024 e 23€ federados (+10€ non federados – licenza dun día) dende o día 6 de abril até as 23:59h do día 1 de maio de 2024.

Só se aceptan as inscricións pagadas, sen posibilidade de inscribirse e pagar o mesmo día da proba.

Prazo máximo de inscrición: mércores 1 de maio de 2024 – 23:59h.

Enlace inscrición: [www.galitiming.com](http://www.galitiming.com)

### **5. Equipamento mínimo durante a proba:**

Cada corredor cumprirá coas condicións de equipamento e vestuario regulamentado para a práctica deportiva de ciclismo BTT. Cada corredor é responsable da súa preparación e condición física e técnica.

#### **Equipamento mínimo obrigatorio:**

- Bicicleta BTT en bo estado.
- Bidón ou mochila de hidratación.
- Por motivos de seguridade recoméndase levar teléfono móbil.
- É obrigatorio o uso do casco durante a proba.
- O dorsal deberá ser visible na parte frontal da bicicleta durante toda a proba.
- A organización non se fai responsable de ningún obxecto perdido durante o transcurso da proba.
- A organización non se fai responsable de ningunha avaría, reparación ou roubo da bicicleta que poida acontecer durante o transcurso da proba.

### **6. Servizos:**

Avituallamentos: haberá 3 avituallamentos na distancia curta e 4 na distancia longa.

Avituallamento de meta: no lugar de chegada (Cantón de San Roque) existirá un avituallamento sólido e líquido para todos os participantes.

Bolsa do corredor: con cada inscrición entregaráselle a cada participante unha bolsa do corredor que conterá diversos obsequios de utilidade.

Servizo de duchas e lavado de bicicletas ao final da ruta: existirá un punto de lavado de bicicletas próximo ao Pavillón Deportivo Municipal, onde tamén estarán as duchas.



## 7. Seguridade:

Os participantes están obrigados ao uso do casco e dorsal visible. Cada participante debe ser consciente da proba na que participa, polo que asume que está en condicións físicas de poder rematala.

Cada participante respectará en todo momento as normas de circulación, ao resto de participantes e usuarios da vías e o medio ambiente. Queda totalmente prohibido tirar lixo ó chan, sendo descualificado e retirándosele o dorsal a aquel participante que ensucie o entorno.

A organización non cortará a circulación ao tráfico rodado, polo que os participantes deberán respectar as normas de circulación, especialmente en vías de maior tráfico.

## 8. Seguros da proba:

Disporanse de sendos seguros de Responsabilidade Civil e Seguro de Accidentes que cubrirá aos participantes. A proba contará con ambulancias e médico para a asistencia aos participantes.

A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba.

### **9. Dereitos de imaxe:**

A entidade organizadora reservase en exclusividade o dereito sobre a imaxe, así como a explotación audiovisual, fotográfica e periodística do evento. Calquera proxecto publicitario deberá contar previamente co consentimento da organización.

O participante presta o seu consentimento á Organización para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles.

### **10. Entrega de dorsais:**

A entrega de dorsais efectuarase no Cantón de San Roque en Melide (lugar de saída) o día 4 de maio de 17:00 a 21:00 h e o mesmo día da proba o día 5 de maio de 7:00 a 8:30 h.

En caso de haber algún tipo de cambio de última hora do lugar ou horarios de recollida de dorsais informarase aos participantes.

Será obrigatorio ensinar o DNI para poder identificarse.

### **11. Protocolo COVID:**

Será obrigatorio cumprir por todos os participantes, voluntarios e membros da organización cos procedementos que marquen as administracións competentes en materia sanitaria en relación coa COVID 19 nas datas de celebración da proba.

### **12. Instalacións portátiles ou desmontables:**

Existirán instalacións portátiles no lugar de saída e chegada da proba para o control dos asistentes, así como outras dúas intermedias para a toma de tempos na subida cronometrada ao “Demo de Vilouriz”.

Ademáis, haberá carpas desmontables tanto na saída e chegada da proba como en varios puntos ao longo do percorrido para a asistencia con comida e bebida aos participantes. Prevense un total de catro puntos de avituallamento ao longo da proba.

**13.** A organización resérvase o dereito a realizar as identificacións que considere oportunas, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas ou outro motivo de forza maior o fan necesario. A Organización resérvase o dereito a modificar a data da proba ou a súa quilometraxe.

**14.** A inscrición na proba supón a aceptación do presente regulamento.